

CFR de Pontevedra - Curso 2011-12

Curso de formación do profesorado:

Formación básica nas TIC. Edición Abalar

Luns, 17 de outubro de 2011

SESIÓN 3:

Recursos en rede



Obdulia García Nimo

tecnoloxia@iesgarcíabarros.org

moodle.iesgarcíabarros.org - <http://linux.iesgarcíabarros.org>

PLANIFICACIÓN DE SESIÓN:

- **Sesión 3 : Recursos en rede**
 - Data e hora: 17/10/2011 (18:00 a 21:00 h)
 - Relator: Obdulia García Nimo
 - Contidos:
 - ✓ O servidor de recursos Abalar:
 - Acceso en local e acceso público
 - Pasos a seguir para incluír recursos propios
 - ✓ Repositorios públicos de actividades

agrega⁺



Servidor




PROXECTO
ABALAR

1. INTRODUCCIÓN

Que significa acceder a recursos en rede?

É poder visualizar no noso equipo recursos que se atopan gardados noutros ordenadores (denominados **servidores**) a través dunha rede.



1. INTRODUCCIÓN

Que significa acceder a recursos en rede?

Cando o servidor se atopa na mesma rede local á que está conectada o noso ordenador falaremos de **Intranet**.

Pero na maioría dos casos estes servidores se poden atopar en calquera lugar do mundo e nos chegará a súa información por **Internet**.

Rede local - Intranet



Rede de Redes - Internet



1. SERVIDOR DE RECURSOS ABALAR

Que é o servidor de Recursos Abalar?

Cada centro Abalar está dotado dun servidor co que se pretende facilitar o acceso e organización de recursos educativos.

Que vantaxes teremos co servidor de Recursos Abalar?

Poderemos acceder a recursos online sen depender de Internet e as súas limitacións (operatividade do router e/ou o proveedor de acceso, ancho de banda dispoñibles).



1. SERVIDOR DE RECURSOS ABALAR

Que hai no servidor de Recursos Abalar?

- Un repositorio de recursos precargados pola Consellería de Educación, que serán ampliados e actualizados telemáticamente con regularidade.
- Os recursos propios, ou externos, que os profesores do centro desexen aloxar neste servidor.

Como accedemos ao servidor de Recursos Abalar?

- Acceso en local: dende os ordenadores do centro (sen necesidade de conexión a Internet):
 - <http://servidorcentro.edu.xunta.es/recursos/> ou <http://69.55.XX.250/recursos>
(Para poder cargar recursos temos que estar rexistrados)
- Acceso público: dende fóra do centro, dende calquera ordenador conectado a Internet, poderemos acceder ao repositorio de recursos precargado pola Consellería (neste caso non poderemos cargar nin ver os nosos propios recursos):
 - <http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/node/3>

Que necesitamos para visualizar os recursos?

En xeral o recursos do servidor non precisan instalación nin descarga e poden visualizarse directamente desde un navegador de internet actualizado (Firefox, Explorer, ...). Tamén podes atopar recursos que precisen dalgún programa que debe estar instalado no equipo (NoteBook, Jclic)

1. SERVIDOR DE RECURSOS ABALAR

Pantalla inicial do servidor (acceso local)

Logotipo da aplicación e ligazón para volver á pantalla inicial

Rexistro de usuarios

The screenshot shows the initial interface of the Abalar server. It features a header with the application logo and a user access section. The main area contains a search bar and a filter panel. Callouts in orange boxes point to specific elements: the logo, the user access section, and the search area.

Logotipo da aplicación e ligazón para volver á pantalla inicial

Rexistro de usuarios

Buscadores

Acceso usuarios


usuario

contrasinal

Aceptar

buscador de recursos | carteiras de recursos

Buscador de recursos

 BUSCA

Filtrar por:

Ensinanza

Nivel educativo

Materia

Tipo de recurso

Tipo de licenza

Idioma

BUSCAR

1. SERVIDOR DE RECURSOS ABALAR

Pantalla inicial do servidor (acceso público) 1

Clasificación de recursos por ensinanzas

Novidades

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' website. On the left, there is a navigation menu with the 'XUNTA DE GALICIA' logo and a list of 'Ensinanzas' (Education levels) including Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, and Ciclos Formativos. Below this is a 'Buscador' (Search) box. On the right, there is a 'Novidades' (News) section. The main content area is titled 'Últimos recursos publicados' (Latest resources published) and contains two resource cards. The first card is for 'División de números naturales: Guía turístico de tu ciudad' (29/04/2011) for 5º Curso. The second card is for 'Integración numérica con Descartes' (19/04/2011) for Bacharelato 2º Curso. The interface includes a search bar, a list of subjects, and a section for the latest published resources.

Selecione a ensinanza e o curso no menú da esquerda dos que queira consultar os recursos dispoñibles.

Ensinanzas

- :: Educación Infantil
- :: Educación Primaria
- :: Educación Secundaria
- :: Bacharelato
- :: Ciclos Formativos

Buscador

Buscadores

Últimos recursos publicados

Recurso	Fecha	Curso
División de números naturales: Guía turístico de tu ciudad	29/04/2011	5º Curso
Integración numérica con Descartes	19/04/2011	Bacharelato 2º Curso

Visto: 1492 Ver detalle | Descargar | Visualizar

Visto: 1007 Ver detalle | Descargar | Visualizar

1. SERVIDOR DE RECURSOS ABALAR

Pantalla inicial do servidor (acceso público) e 2

Buscador avanzado de recursos

The screenshot shows the 'Espazo Abalar' website interface. At the top left is the logo for 'XUNTA DE GALICIA'. The main header features the text 'Espazo Abalar' and 'GALEGO CASTELLANO'. On the left side, there is a navigation menu with the heading 'Ensinanzas' and a list of educational levels: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, and Ciclos Formativos. Below this is a 'Buscador' section. The main content area is titled 'Buscador de recursos' and contains a search form. The form includes a magnifying glass icon, a search input field with the placeholder text 'BUSCA', and a 'BUSCAR' button. To the right of the search field are three filter options: 'Filtrar por: Ensinanza' with a dropdown menu, 'Tipo de licenza' with a dropdown menu, and 'Idioma' with a dropdown menu. An orange box highlights the search form area, and an orange arrow points from the text 'Buscador avanzado de recursos' to this area.

1. SERVIDOR DE RECURSOS ABALAR

Tarefa 3.1: busca de recursos no repositorio Abalar


- a) Accede ao repositorio público de recursos Abalar. Entra no nivel no que impartas clases e abre algunha das actividades que atopas.
- b) Vai á pantalla de busca avanzada e localiza un recurso para matemáticas do 5º curso de Primaria en galego. Cantos atopas?
- c) Nun dos recursos atopados comproba que sucede nas opcións: ***Ver detalle, Descargar, Visualizar.***
- d) Accede agora ao repositorio local no servidor de recursos Abalar.
- e) Busca dous recursos da túa área/materia e intenta visualizalos.

2. XESTIÓN DE RECURSOS ABALAR

Usuarios da aplicación de Xestión de Recursos Abalar

Existen dúas formas de acceder ao servidor de Recursos Abalar:

- **Usuario anónimo** – calquera persoa que acceda dende un ordenador do centro pode buscar e visualizar os recursos públicos do servidor.
- **Usuario rexistrado** – persoas que contan cun nome de usuario e un contrasinal. Segundo o seu perfil poderán subir, organizar,... os recursos do servidor. Para acceder deberá rexistrarse:



Acceso usuarios

usuario

contrasinal

Aceptar

Tipos de perfís

Na aplicación hai tres tipos de perfís para usuarios rexistrados: usuario, editor e administrador.

2. XESTIÓN DE RECURSOS ABALAR

Perfil “usuario”

Será o perfil máis habitual do profesorado, que poderá:

- Ter unha **carteira de recursos** propia co listado dos seus recursos favoritos ou que máis empregue.
- Subir novos recursos ao servidor, catalogalos e etiquetalos.
- Decidir se os recursos que subíu son públicos (accesibles a un usuario anónimo) ou privados.
- Editar os recursos introducidos por él.

Perfil “editor”

Será como un axudante do administrador e poderá xestionar os recursos privados dos usuarios rexistrados.

Perfil “administrador”

Serán o coordinador Abalar e o director/a do centro. Terá a xestión íntegra dos usuarios e dos recursos.

2. XESTIÓN DE RECURSOS ABALAR

Pantalla acceso usuario

The screenshot shows the user access screen for the 'xestión de recursos educativos' application. It features a top navigation bar with three main sections: the application logo and name, a main user menu, and a user profile section. Below the navigation bar is a search area with two tabs: 'buscador de recursos' and 'carteiras de recursos'. The 'buscador de recursos' tab is active, displaying a search form with a magnifying glass icon, a search input field, and a 'BUSCAR' button. To the right of the search field are several filter options: 'Filtrar por:' followed by dropdown menus for 'Ensinanza', 'Nivel educativo', 'Materia', 'Tipo de recurso', 'Tipo de licenza', and 'Idioma'. The user profile section shows the user's name 'obdulia' and a 'Pechar sesión' button.

Logotipo da aplicación e ligazón para volver á pantalla inicial

Menú principal de usuario

Rexistro de usuarios

Submenús

Área de traballo

3. CARTEIRA DE RECURSOS DE USUARIO

Tarefa 3.2: busca de recursos no repositorio Abalar

- a) Accede ao servidor local de recursos do centro e rexístrate co usuario que se che asignou.
- b) Cambia o contrasinal do teu perfil.
- c) Busca dous recursos da túa área/materia e engádeos a túa carteira de recursos

4. REPOSITORIOS PÚBLICOS DE ACTIVIDADES

Algúns repositorios públicos de actividades e recursos

Proyecto Agrega - Portal con recursos educativos, producto do convenio “Internet en el Aula”



ITE – Instituto de Tecnologías Educativas
del Ministerio de Educación:



- Banco de recursos
- Banco de imaxes e sons
- Proyecto **ed@d**: libros dixitais para a ESO

educarEx - Portal de contidos educativos de Extremadura.



zonaClic - Repositorio de actividades de JClic.



4. REPOSITARIOS PÚBLICOS DE ACTIVIDADES

Tarefa 3.3: busca de recursos no repositorio Abalar

- a) Descarga dous recursos da páxina de educarEx.
- b) Engade os anteriores recursos a “os meus recursos”, de xeito que un deles sexa público e outro privado.
- c) Cambia o contrasinal do teu perfil.
- d) Busca dous recursos da túa área/materia e engádeos a túa carteira de recursos
- e) Fai o mesmo con:
 - 1. Dúas animación do Banco de recursos e imaxes do Ministerio de Educación.
 - 2. Dous vídeos de Youtube que previamente descargues mediante o Download Helper.
 - a) Dúas actividades jclic que descargues da páxina principal de jclic.

ANEXO 1

Obter recursos web para os noso ficheiros



TIPOS DE FICHEIROS DISPOÑIBLES NAS PÁXINAS WEB

En toda páxina web podemos atopar fundamentalmente os seguintes recursos para incorporar aos nosos documentos docentes:

A) TEXTOS

Son os máis doados de conseguir, dado que os tratamos do mesmo xeito que cando traballamos cun procesador de textos: **botón dereito do rato** → **copiar**:

Resultados da proba de cross

Enviado por Secret. en 19 Xaneiro, 2011 - 12:47. [Novas](#)

No campionato escolar de campo a través que tivo lugar nas instalacións do colexio do Foxo o pasado mércores os seguintes alumnos do noso centro acadaron estes resultados:

- Na categoría Infantil Feminino, Carlota Pereiras Matalobos obtivo a medalla de bronce.
- Na categoría Cadete Masculino, Pablo Sanmartín Andújar obtivo a medalla de ouro, Alejandro Oterc quinto clasificado e Jesús Carbón Castro o sexto.
- Na categoría Cadete Feminino, Paula Calvo...


Animais Artificiais

Enviado por Vicedirec. en 18 Xaneiro, 2011 - 13:53. [Completado](#)

O mércores 19 e o xoves 20, pola tarde, os integrantes do club de fotografía realizaron as tomas de son da curtametraxe "Animais Artificiais" da Creación Artística do MGB baixo a batuta de Miguel Ángel.

Reunión do clube de lectura, mércores 19 de Xaneiro

Enviado por admin en 18 Xaneiro, 2011 - 11:05. [Actividade](#)



.... e no programa no que estamos traballando (Smart Notebook, OpenOffice Impress, etc.) pegamos o texto onde nos conveña.

TIPOS DE FICHEIROS DISPOÑIBLES NAS PÁXINAS WEB

B) IMAXES

Tamén se poden obter facilmente con tan só facer, enriba da imaxe que nos interese, a operación: **botón dereito do rato** → ***copiar imaxe***.



.... e de novo pegando no programa no que estamos traballando (Smart Notebook, OpenOffice Impress, etc.) onde nos conveña.

Se no canto de Copiar imaxe... o que queremos é gardala faríamos clic na opción do menú enriba da imaxe en **Gardar imaxe como...**

Os **formatos (tipos de ficheiros) de imaxe** máis habituais cos que nos imos atopar son: **.jpg, .gif, .png e .wmf**

TIPOS DE FICHEIROS DISPOÑIBLES NAS PÁXINAS WEB

C) OBXECTOS MULTIMEDIA

Dentro desta categoría englobamos os seguintes **tipos de arquivo** cos seus **formatos máis comúns**:

- **Sons** → .mp3 e .wav
- **Vídeos** → .flv, .mp4 e .avi
- **Animacións** → .swf

Dado que soen atoparse incrustados nas páxinas web, a súa descarga non é tan doada coma o texto ou as imaxes, por esa razón se soen empregar “**complementos**” do navegador web que nos facilitan isto.

Nos equipos de profe Abalar o complemento (gratuíto) que trae o navegador **Firefox** é o chamado “**DownloadHelper**”, de manexo moi sinxelo, como se ve na imaxe:



ANEXO 2

Licencias Creative Commons







TIPOS DE LICENZAS

Creative Commons é unha organización sen ánimo de lucro baseada no feito de que non todos os titulares de propiedade intelectual queren exercer todos os seus dereitos sobre ela. Sexa por necesidade de promoción ou por convicción ideolóxica, moitos creadores (artistas, científicos, profesores...) apostan por cooperar en lugar de competir.

Creative Commons (CC) busca cambiar a cara ao copyright, co apoio dun brillante equipo de xuristas e expertos en tecnoloxía.

Os termos da Licenza son dependentes de catro condicións.

 (BY)	Recoñecemento	O beneficiario da licenza ten dereito a copiar, distribuír, expoñer e comunicar publicamente a obra e facer obras derivadas, sempre que recoñeza e cite o traballo do xeito especificado polo autor ou licenciador
 (NC)	Non comercial	O beneficiario da licenza ten dereito a copiar, distribuír, expoñer e comunicar publicamente a obra e facer obras derivadas para fins non comerciais.
 (ND)	Sen obras derivadas	O beneficiario da licenza só ten dereito a copiar, distribuír e comunicar publicamente copias do traballo e non ten dereito a producir obras derivadas
 (SA)	Compartir baixo a mesma licenza	O beneficiario da licenza ten dereito a distribuír traballos derivados baixo unha licenza idéntica á licenza que regula o traballo orixinal (ver tamén copyleft).

TIPOS DE LICENZAS

Combinando estas catro condicións temos seis tipos de licenzas:



Recoñecemento (by): Permite calquera explotación da obra, incluíndo finalidades comerciais, así como a creación de obras derivadas, consentindo a súa distribución sen ningunha restricción.



Recoñecemento – NoComercial (by-nc): Permite a xeración de obras derivadas sempre que non se faga un uso comercial. Tampouco o orixinal se pode empregar con fins comerciais.



Recoñecemento – NoComercial – Compartirlgual (by-nc-sa): Non se permite uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, que deben ter licenza igual que a que regula a obra orixinal.



Recoñecemento – NoComercial – SinObraDerivada (by-nc-nd): Non permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas.



Recoñecemento – Compartirlgual (by-sa): Permite uso comercial da obra e as súas posibles derivadas, que deben ter licenza igual á orixinal.



Recoñecemento – SinObraDerivada (by-nd): Permite o uso comercial da obra pero non a xeración de obras derivadas.